



NOTA DE PRENSA
ALCALDÍA

CONCELLO DE PONTE CALDELAS
www.pontecaldelas.org

MANIFESTO:

Non á “cacicada da PO-234”

Ponte Caldelas, setembro de 2016

A confirmación, despois dun ano de manipulacións, de que a Xunta de Galicia non vai arranxar a PO-234 no tramo de Laxoso e limitará as obras ao tramo Augasantas-Portasouto só pode ser considerada como unha auténtica cacicada e unha práctica da peor política posible: a que pon o electoralismo e o partidismo por diante dos intereses xerais dos veciños.

Ponte Caldelas está farta da discriminación que está a sufrir por parte da Xunta, pero, desta volta xa non falamos só de nós. Porque tamén se prexudicou a Cotobade, pois coa decisión tomada, os veciños de ambos municipios seguiremos a padecer unha estrada cun trazado inseguro e xerador de accidentes de tráfico.

Ponte Caldelas e Cotobade traballaron xuntos en febreiro pasado para o nacemento da Plataforma para o arranxo da PO-234. Despois de moitos anos soportando unha estrada chea de curvas, que ten en Laxoso o seu auténtico punto negro, a Plataforma supuxo un paso conxunto e moi necesario para presionar a prol dunha solución largamente agardada.

Nós non somos xente caprichosa ou que demande obras faraónicas. Non pedimos investimentos millonarios. Pedimos ben pouco: que se nos respecte como cidadáns, que se nos resolva un grave problema e que se respecte o noso dereito a poder transitar por unha estrada segura na que non nos teñamos que xogarnos a vida.

Estimados veciños, a razón está do noso lado. Tivemos moita paciencia. Fomos moi comprensivos. Pero hoxe estamos aquí para dicir alto e claro á Xunta de Galicia que **BASTA XA!**

Agradecemos especialmente a presenza dos veciños de Laxoso, que son os que máis padecen esa corredeira asfaltada que chaman estrada autonómica e que é unha auténtica trampa mortal. En Laxoso saben ben o que é ser solidarios co seu municipio. Sempre estiveron para colaborar en todo o que se lles pediu. Eles, máis que ninguén, teñen dereito a unha solución inmediata.

Hai apenas un par de meses os concellos de Ponte Caldelas e Cotobade aprobamos unha moción conxunta para pedir o arranxo integral da estrada. A resposta da Xunta foi que esta obra non era prioritaria, porque tiña moi baixa densidade de tráfico. Logo cambiaron de

opinión e anunciaron que a obra faríase por fases e comezarían polo tramo de Ponte Caldelas, solucionando así o complicado paso por Laxoso. A nosa resposta foi comprensiva porque todos entendimos que os tempos son difíciles. E, aínda que reclamamos o arranxo integral da PO-234, estamos dispostos a admitir que se comece polo tramo máis perigoso. Pero nin por esas! Cando hai apenas unha semana a Xunta deu un novo cambio e anunciou o que xa se coñece como “a cacicada da PO-234”, a indignación foi total. Nin en Ponte Caldelas nin en Cotobade non podemos consentir esta exhibición indecente de politiquero partidista. Ao igual que a casa non se comeza polo tellado, as obras dunha estrada non deben comezan por onde menos urxentes son.

Os aquí presentes non podemos comprender, nin tolerar semellante aldraxe. Non nos manifestamos para desacreditar a ningunha Administración nin a ningún partido político. O Concello de Ponte Caldelas, co seu equipo de goberno, só quere que as cousas se fagan con sentido común. Que, polo visto con este asunto, segue a ser o menos común dos sentidos.

Aquí hai ou debería haber xente de tódolos partidos políticos, porque esta non é unha mobilización partidista. Se estamos aquí en campaña electoral é porque a Xunta fixo o anuncio da cacicada en plena campaña electoral. Nin nos gusta o que está a pasar nin o buscamos. As responsabilidades están noutro lado. Somos xente respectuosa e profundamente democrática que só pide o que lle corresponde.

Queremos unha estrada segura para os veciños de Ponte Caldelas e para os de Cotobade. Queremos que se respete aos veciños de Laxoso e non queremos seguir agardando. Non queremos máis promesas. Queremos feitos.

O Concello de Ponte Caldelas agradece publicamente a colaboración dos propietarios dos terreos afectados polas obras e tamén da Comunidade de Montes. A eles tratou de culpar a Xunta na súa deriva partidista. Nada máis lonxe da realidade. A disposición a colaborar é total. Así nolo manifestaron eles e así llo manifestamos nós á Xunta de Galicia. De feito, tan só falta unha cousa, que a Xunta se poña a traballar cos trámites administrativos para a obtención dos terreos.

Non queremos máis contos, papeliños que non valen para nada ou enganar. A Xunta de Galicia, como titular da Rede Autonómica de Estradas de Galicia ten que facer aquilo ao que a lei a obriga. O Concello fixo a súa parte falando e acadando o compromiso dos propietarios. Agora tócalle a Xunta exercer as súas competencias exclusivas. Sen escusas.

Cada Administración traballando e colaborando lealmente, cada unha dende as súas competencias, para dar satisfacción aos intereses xerais. É o que a xente nos pide. Nada máis e nada menos.

Queridos veciños e veciñas: Pedimos ben pouco. Só a seguridade da nosa xente, tanto de Ponte Caldelas como de Cotobade. Cando Galicia segue de loito tralo tráxico accidente de Redondela, cando centos de persoas deixan a vida tódolos anos nas estradas galegas pedimos que os que teñen que tomar as decisións as tomen coa cabeza e non coas siglas.

Queridos veciños e veciñas: **NON Á CACICADA DA PO-234.**